Escrito por VM
Martes, 20 Maio 2008 03:25



O Concello de Nigrán recibe 732.576,96 € da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia para por en marcha o "Obradoiro de Emprego Nigrán II". A Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo ven de aprobar o proxecto de formación-emprego "Obradoiro de Emprego Nigrán II" dirixido á contratación 36 personas maiores de 25 anos para a súa formación e ocupación profesional nas especialidades de carpintería (12 traballadores/as), albanelería (12 traballadores/as) e fontanería/electricidade (12 fontanería/electricidade). Dito proxecto ten unha duración de 12 meses, e dará comenzo o 30 de xuño de 2008 e foi realizado polos técnicos e técnicas dos departamentos de emprego e urbanismo así como pola Unidade de Promoción e Desenrolo (UPD) da Mancomunidade de Municipios de Vigo. As traballadoras e traballadores contratados levarán a cabo as seguintes obras:



Rehabilitación da antiga Escola de Nenas, Camiño do Labrego s/n (Cean-Nigrán), para adicala a Centro Veciñal e Social da parroquia de Nigrán. O concello lembra que Nigrán é a única parroquia do municipio que non dispón dun local social onde reunirse a veciñanza. Trátase dunha parcela de 238 m2 da que está ocupada coa edificación 115,30 m2. O concello reconstruirá a edificación de xeito integral e constará dunha sala principal multiusos, unha oficina e dous baños.



Rehabilitación da vivenda unifamiliar "Casa do Conserxe no CEIP Humberto Juanes (Nigrán)". A edificación está destinada a vivenda e divídese en recibidor, salón, distribuidor, cociña, baño e tres dormitorios. Dispón además dun patio aberto ao que se accede dende o recibidor. A superficie total é 137,31 m2. O destino da obra é a de vivenda dos conserxes do CEIP Humberto Juanes.

